



## CONCELLO DE SANTIAGO

### RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 2 DE MAIO DE 2013

#### LICENZAS

- LIC/2286/2010.- JOSE RENDO MACEIRO.- Conceder licenza para rehabilitación dunha vivenda na rúa de Sar, 23.
- LIC/86/2010.- JESÚS LEON NOVO.- Conceder modificación de licenza outorgada na Xunta de Goberno Local do día 25 de xaneiro de 2011, para a rehabilitación e ampliación en planta e altura da edificación existente na rúa de Casas Novas, 93.

#### PRÓRROGAS

- LIC/518/2013.- DANIEL LOUZAO VIEITES.- Conceder prórroga da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local do 11 de outubro de 2012.

#### DEVOLUCIÓNS DE FIANZA

- LIC/532/2013.- JUAN JOSE BOQUETE CARNOTA.....LIC/2082/2010..... 10.437'43 €
- LIC/533/2013.- JUAN JOSE BOQUETE CARNOTA.....LIC/2082/2010..... 1.500 €
- LIC/531/2013.- FELIPE BARCIA LIÑARES.....LIC/1797/2007..... 1.500 €
- LIC/238/2013.-GESTIONES URBANÍSTICAS Y MEDIOAMBIENTALES LIC/604/2007.2.000 €

#### **4.- Proposta da alcaldía relativa á delegación de competencias da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela na concelleira delegada da Área de Desenvolvimento Urbano e Sostible.**

Coa intención de acadar unha maior axilidade e eficacia nos procedementos sancionadores, considérase conveniente concretar no mesmo órgano a competencia de autorizar e sancionar, polo que a XGL aprobou delegar na concelleira da Área de Urbanismo a competencia sancionadora en material de infraccións que se cometan contra as ordenanzas de publicidade e rotulación e a ordenanza de terrazas e quioscos de hostalería.

#### **5.- Proposta do concelleiro delegado de Seguridade e Mobilidade relativa á aprobación da liquidación do servizo de Transporte colectivo urbano de viaxeiros coa UTE TRAPSA-AULASA correspondente ao ano 2012.**

A XGL aprobou a seguinte liquidación para 2012 que corresponde á diferenza entre os custos e ingresos que se contemplan no artigo 33 do prego de cláusulas que rexe o contrato:

Prezo km básico	2,541340 €/km
Prezo km complementario	1,916275 €/km
Km percorridos	
Km básicos	2.312.641 km
Km complementarios	129.781 km
Compromiso de viaxeiros para 2012	7.408.023

Aprobar a liquidación do ano 2012 para esta empresa por importe total de 3.334.692,39 €. Tendo en conta que esta empresa presentou facturas por pagos a conta por valor de 2.742.608,64 €, a compensación pendente de regularización en 2012 ascende a 592.083,75 €.

#### **6.- Aprobación de expediente e apertura do procedemento de adxudicación do Contrato privado para a realización de gala de televisión, o día 9 de maio de 2013, na Praza do Obradoiro, e cabezas de cartel da Noite Meiga o día 10 de maio de 2013 na Praza da Quintana, dentro da programación musical das Festas da Ascensión 2013.**

A XGL aprobou a adxudicación á empresa FESTIGAL EVENTOS S.L. da organización da gala de television do día 9 de maio na Praza do Obradoiro e cabezas de cartel na Noite Meiga do día 10 de maio na Praza da Quintana dentro da programación musical das Festas da Ascensión por un importe de 21.300 €.

**7.- Prórroga do contrato de aluguer do local sito na calzada das Cancelas nº 19 para uso como centro sociocultural das Cancelas.**

A proposta do concelleiro de Centros Socioculturais a XGL aprobou a prórroga do contrato de alugueiro do local que vén sendo utilizado como CSC nas Cancelas polo período dun ano, ata o 15 de xullo de 2014. Acórdase non revisar o IPC resultando un importe de alugueiro para esta prórroga de 8.157,77 €.

**8.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvimento Urbano e Sostible relativa á ampliación de horario de peche nunha hora solicitado pola Asociación Provincial de Empresarios de Restauración e Hospedaxe de Santiago de Compostela para determinadas datas.**

A XGL a proposta da Concellera de Urbanismo aprobou autorizar a ampliación nunha hora dos horarios para os locais de hostalería vista a solicitude presentada pola Asociación Provincial de Empresarios de Restauración e Hospedaxe de Santiago de Compostela, que coincide coas datas de interese turístico e festivo para a nosa cidade.

Festas da Ascensión: do 8 ao 12 de maio de 2013

Festas das Letras Galegas: do 16 ao 19 de maio de 2013.

**9 a 12.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no Imposto sobre bens inmobilres, na taxa pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de acollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.**

Concédense os devanditos beneficios fiscais.

**13.- Proposta do concelleiro delegado de Tráfico relativa á autorización de cesión do contrato de explotación do aparcamento público da praza Roxa.**

A XGL a proposta do concelleiro de Tráfico e á vista do escrito presentado pola UTE COMSA, SA-CONTINENTAL PARKING, S.L. solicitando autorización para a cesión do contrato de xestión do aparacamiento público sito na Praza Roxa en favor da entidade CPC APARCAMENTOS SANTIAGO S.L., aprobou dita cesión.

**14.- Proposta do concelleiro delegado de Tráfico relativa á autorización de cesión do contrato de explotación do aparcamento público da praza de Puente Castro-A Rosa.**

A XGL a proposta do Concelleiro de Tráfico e á vista do escrito presentado pola UTE COMSA, SA-CONTINENTAL PARKING, S.L. solicitando autorización para a cesión do contrato de xestión do aparacamiento público sito na Praza de Puente Castro-A Rosa en favor da entidade CPC APARCAMENTOS SANTIAGO S.L., aprobou dita cesión.

**15.- Dar conta do cambio de denominación social dunha empresa.**

Dáse conta.

**16.- Dar conta do aboamento da subvención Rede Cultural da Deputación. Ano 2012.**

Deuse conta á XGL do pago pola Deputación de 12.446,64 € correspondente á parte que lle corresponde aboar á Deputación do Programa Rede Cultural 2012.

**17.- Dar conta da concesión das actividades do Programa Ler Conta Moito 2013.**

Deuse conta á XGL da concesión das actividades solicitadas á Secretaría Xeral de Cultura que achegará para estas actividades 637,50 €.

Ouvirmos – Xosé Manuel Aldea Moscoso –Cociña infantil –500 €.

Secretaría Xeral 75%, 375 € , Concello 25%, 125 €.

Os contos de Pablismo – Pablo Sánchez Pérez – Contos de sobremesa. 350 €.

Secretaría Xeral 75%, 262,50 €, Concello 25%, 87,50 €.

**18.- Dar conta do aboamento do segundo prazo da subvención concedida para financiar o sostemento do centro sociocultural e xuvenil do Ensanche durante o ano 2012.**

Deuse conta á XGL do aboamento pola Deputación do segundo prazo da subvención destinada ao sostemento do Centro Sociocultural e Xuvenil do Ensanche durante o ano 2012 por un importe de 72.000 €.

**URXENCIA**

1.- Apróbanse as axudas MAPIS por importe de 36.000 euros.